



ROGO SOBRE A EXECUCIÓN DE OBRAS EN VAOS DE USO COLECTIVO CON SOLUCIÓNS DURADEIRAS E COA MENOR AFECCIÓN ÁS COMUNIDADES

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A execución das obras de mellora de pavimentos na rúa Xeneral Pardiñas que programou o Goberno local ten provocado numerosas queixas da veciñanza que non entende como unha actuación destas características, que vai manter os accesos aos garaxes cortados durante varios días, non foi obxecto dunha maior planificación, sobre todo no relativo á antelación na comunicación ás persoas que gardan os seus vehículos nos edificios desa rúa. Segundo as informacións que nos teñen transmitido distintos residentes os avisos fixéronse a través da simple colocación de notas informativas na rúa, sen ningunha alternativa para o problema veciñal que ía xerar e cun tempo insuficiente para procurar un espazo para o estacionamento permanente do que se van ver privados durante o período de obras.

Esta circunstancia vén a poñer en evidencia a necesidade de que este tipo de actuacións se acometan cunha maior perspectiva que permita advertir con máis antelación ás persoas máis directamente afectadas, posto que non é o mesmo un corte puntual dun acceso por unhas horas, ou mesmo un día, que unha prolongación das molestias durante varios días como no caso que nos ocupa.

En relación coa programación deste tipo de traballos tamén sería conveniente velar pola adopción de solucións técnicas que garantan unha maior durabilidade das zonas de paso para vehículos, prolongando así os beneficios das actuacións e evitando novas roturas e afeccións á veciñanza.

En consecuencia, o Grupo Popular formula o seguinte ROGO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se planifiquen e anuncien con maior antelación as obras a executar para minimizar ao máximo os prexuízos á veciñanza, en especial a relativas a acceso a garaxes, nas que se velará pola adopción de solucións técnicas de reforzo que garantan a maior durabilidade das actuacións.

Santiago de Compostela, a 5 de marzo de 2018

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela